Asplenium trichomanes L., 1753

- fento das boticas
- adianto rojo, culantrillo bastardo, c. menor, c. menudo, sardineta
- xardin-belar beltza
- falzia roja, falzia de pou, herba de cordó negra
- maidenhair spleenwort
- politrico, tricomanes, politrico das boticas, avencão



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Monilophyta	**Polypodiopsida**	**Polypodiales**	**Aspleniaceae**	***Asplenium***

ORIXE

Europa, Asia, América do Norte e América central.

CARACTERÍSTICAS

Pequeno fento con frondes que miden entre os 4 e 20 cm de longo. Son de cor verde clara, unha vez pinnadas, cun pecíolo e raquis de cor marrón escura brillante ou case negra, que é máis curto cá lámina. Pinnas pequenas, asimétricas, oblongas ou ovadas, coa marxe dentada ou crenada, e a pinna apical a miúdo máis grande cás demais. O rizoma é rastreiro, cuberto de escamas castañas escuras.

HÁBITAT

Gretas de rochas, muros e paredes, lugares sombríos e húmidos, sobre rochas calcarias ou ácidas, aínda que tolera unha variedade de substratos e exposicións.

DISTRIBUCIÓN

Zonas temperadas e frías de case todo o mundo.

CURIOSIDADES

A diferenza de moitos fentos que morren se secan, *Asplenium trichomanes* é moi tolerante á seca unha vez establecido e pode revivir tras períodos curtos de falta de auga.